



D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 26 de xullo de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

17.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI). EXPTE. 619/1102.

Dáse conta da proposta de data 22/07/19, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

Visto o informe de data 17/07/19, do xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais que figura no expediente, relativo á representación do Concello de Vigo na Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) e, de conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **proposta:**

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón da “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, quen ostentará a Presidencia do Padroado segundo os seus Estatutos, o outro representante do Concello no órgano mencionado será o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Segundo.- Comunicar o presente acordo ao concelleiro designado, á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), ao xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e demais persoas ou servizos implicados.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Publíquese así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo; de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1985, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/09/2019 09:14	Páxina 1 de 2
Expediente 619/1102	CSV: 22EHC5-4E2FE3-D7C627-Q8CCB2-DSB51V-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Alvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/09/2019 09:14

Páxina 2 de 2

Expediente 619/1102

CSV: 22EHC5-4E2FE3-D7C627-Q8CCB2-DSB51V-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>